



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia de Frauta

curso 2018/2019

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



PROFESORADO:

CARMÉN FERREIRO SOTO
EFRÉN GARCÍA ESCUREDO





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	5
3.	Atención á diversidade.....	7
4.	Temas transversais.....	8
	4.1 Educación en valores.....	8
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	9
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6.	Secuenciación do curso.....	10
	6.1 Curso: 1º curso de GE.....	10
	6.2 Curso: 2º curso de GE.....	17
	6.3 Curso: 3º curso de GE.....	24
	6.4 Curso: 4º curso de GE.....	32
	6.5 Curso: 1º curso de GP.....	40
	6.6 Curso: 2º curso de GP.....	47
	6.7 Curso: 3º curso de GP.....	55
	6.8 Curso: 4º curso de GP.....	62
	6.9 Curso: 5º curso de GP.....	70
	6.10 Curso: 6º curso de GP.....	79
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	87
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	87
9.	ANEXOS.....	89
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	89
	9.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de Grao elemental.....	90
	9.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º de Grao Profesional.....	91
	9.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	92





1. **Introdución**

▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

▪ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004.É polo tanto un edificio de nova





creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

-
- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

2. Metodoloxía

A presente programación así como a súa aplicación caracterízase (e ten como obxectivos) por:



- A estreita relación entre os contidos programados e a súa dimensión práctica: son contidos significativos para o alumno, útiles e cercanos.
- O desenrolo da mente, fomentando o espírito crítico, a capacidade de discursión e o contraste de opinións, de maneira que a metodoloxía a utilizar sexa:

1. **Activa:** que asegure a participación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe, baseando o seu avance na búsqueda de coñecementos.

2. **Flexible.**

3. **Personalizada:** que se adecúe ás capacidades intelectuais , físicas e ao ritmo evolutivo de cada alumno/a, que atenda á pluralidade de necesidades e intereses.

4. **Autónoma e participativa:** que favoreza a capacidade de aprender por si mesmos e de realizar actividades en grupo. Fará fincapé en “aprender a aprender” como aspecto imprescindible para os estudos musicais nos que a individualidade e soidade convirten o estudo en algo tedioso.

5. Favorecerá unha aprendizaxe **significativa e interdisciplinar**, non en bloques estancos.

6. **Atenderá á diversidade** de motivacións, capacidades e intereses do alumnado.

7. A aprendizaxe e a convivencia dos alumnos estará sempre nun marco de tolerancia e respecto. A educación en valores será o tema transversal máis importante.

8. **Fomentará** a participación da comunidade educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

9. Fomentará a **autonomía crecente** do alumnado .

10. Primará a idea de que o feito de tocar en público é un acto de xenerosidade, é compartir e non competir con alguén, é comunicar e non impoñer, é unha linguaxe e non unha demostración de facultades.





Para a superación de dificultades e búsqueda de solucións, aplicará maioritariamente o método científico do seguinte xeito:

- Percíbese unha dificultade.
- Identifícase e defínese a dificultade.
- Dedúcense as consecuencias da hipótese.
- Verifícase a hipótese mediante a acción.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade, dado que as clases son individuais, levarase a cabo acomodando a programación ao ritmo de cada alumno, tendo en conta que son infinitas as medidas a tomar con cada un deles. O labor do titor implica numerosas funcións tales como a de mediador coa familia, cos profesores de outras asignaturas e ás veces a de cómplice ou „amigo“. Aspectos como autoestima, respecto, axuda, solidariedade e valoración, son moi tidos en conta nas clases colectivas de instrumento sobre todo en cursos tan decisivos na educación xeral coma son os do Grao Elemental .

Se partimos de afirmacións tales coma que a música é un xeito de comunicarnos, que é un compartir sentimentos e emocións, un aprender para mellorar e para unha satisfacción e crecemento propio, as diferencias entre uns e outros diminúen, todos e todas acercan posicións e os medos, dificultades na aprendizaxe, falta de integración social, inmigración, problemas económicos, problemas de autoaceptación, autoestima e incluso ese pánico escénico tan común do que tamén se fala na clase, e se traballa , e que non figura na programación por parecer moi obscuro ou negativo cando a música non se trata diso, deixan de ter sentido. É así como a visión do alumnado xira drásticamente e todas estas consideracións restan importancia

Notas á programación





A secuenciación dos contidos será flexible, debido a que cada alumno imprime un ritmo diferente ás clases e presenta dificultades no estudo e práctica da frauta distintas, traballaranse os contidos na orde na que o alumno o necesite. Desta maneira o alumno é o que „crea“ a clase.

Os contidos expostos implican en case tódolos casos unha relación ou evolución dos contidos de anos anteriores; isto implica que para a aprendizaxe e ensino é precisa unha avaliación inicial.

Non figuran na programación as medidas de interrelación entre materias. Depende unha vez máis dos alumnos e das súas necesidades así coma do seu ritmo de aprendizaxe a inclusión de medidas de apoio ou dunha maior relación interdisciplinar ou incluso ampliación de información.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que se deben incorporar nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinal que responden a problemas e realidades directamente relacionados co ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área idónea para a incorporación dos temas transversais.

Educación para a igualdade

Educación para a saúde

Educación para o ocio

Educación ambiental





Educación para a paz

Educación do consumidor

Ademais, ao longo do curso a aula de fruta organiza actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes: audicións, intercambios con outros conservatorios e cursiños, sen olvidar os concertos solidarios en favor de diferentes institucións que organiza o conservatorio.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

Gravación das audicións cos medios audiovisuais do centro.

Audición e análise das gravacións gardadas no arquivo dixital do centro.

Comparación de versións de frautistas de renome do repertorio programado para cada curso.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O equipo de profesores de fruta traballa cada ano para fomentar a asistencia as actividades que se organizan na cidade, ou mesmo na comunidade autónoma ou no resto do estado. No ano 2018 terá lugar en Valencia a Convención da Asociación de frautistas de España. Sempre que as datas o permitan e tendo en conta que o presuposto para actividades non o impidan, os profesores de fruta organizarán como xa se fixo noutras edicións, a participación dos nosos alumnos en dita xuntanza.

Potenciarase a asistencia do alumnado a concertos fóra do ámbito do conservatorio. Nese sentido, dende fai anos o centro adquire entradas para a tempada de abono da Real Filharmonía de Galicia que despois distribúe gratuitamente entre os alumnos interesados en asistir. Non aparece reflectido na programación anual da Real Filharmonía ningún concerto específico do noso instrumento, sendo moi complicado precisar nestas datas as posibles actividades que se levarán a cabo. No obstante, informaremos e fomentaremos a participación nas que xurdan.





6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º curso de GE

6.1.1 Obxectivos

- Controlar o aire usando o diafragma e os músculos intercostais eficazmente no proceso respiración-emisión.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas de acordo coas exigencias do nivel.
- Emitir un son estable na tesitura empregada no curso.
- Interpretación de pezas dentro do nivel.
- Desenvolar a creatividade e a imaxinación
- Desenvolar a motivación cara á música en xeral e á frauta en particular.
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans.

6.1.2 Contidos

- Coñecemento do instrumento, montaxe e mantemento.
- Aprendizaxe da correcta colocación tanto do instrumento como dos elementos físicos (corpo) que o suxeitan.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento, notas largas controlando a afinación, a calidadee do son e a dosificación do aire, promovendo un desenvolto harmónico da capacidade respiratoria.
- Desenvolto da sensibilidadee auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidadee do son.





- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Emisión dun son estable desde o do1 ata o mi3 (incluíndo as notas cromatizadas).
- Interpretación de pezas sinxelas.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces incluíndo o de solfexo da abra a estudar antes de a practicar.
- Comprensión de estruturas musicais básicas (pregunta-resposta, repetición, variación).
- Coñecemento básico dos principios acústicos da frauta.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

O procedemento e ferramentas de avaliación é o da “avaliación continua”. Como instrumentos para controlar o grao de consecución dos obxectivos temos que mencionar as audicións e os controis que periodicamente se realizarán. Do mesmo xeito no caderno da aula reflexaranse aspectos tais como as obras, estudos e escalas superados polo alumno, faltas de asistencia, actitude ante a asignatura, etc..

Dada a natureza dos estudos musicais, estímase necesaria a interpretación en público de textos musicais cunha certa periodicidade. Establécese un mínimo de dúas audicións ó ano nas cais deberá de participar cada alumno. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos obxectivos e contidos establecidos para o curso.

Mínimos esixibles

Mínimos esixibles segundo a metodoloxía

- 1-10 leccións do libro de Peter Wastall ou ata a lección 32 do libro de Iniciación de





Trevor Wye ou ata a peza 41 do libro Escuela de la Flauta de Marcial Picó ou o libro Il Gardellino 1 enteiro.

- Tocar escalas ata dúas alteracións.
- Unha obra de La Flute Classique ou de Piezas clásicas célebres.

Mínimos esixibles segundo capacidades.

- Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans)
- Coñecer e aplicar a respiración diafragmática.
- Obter un sonido minimamente estable cunha correcta embocadura nas dúas primeiras oitavas da frauta e entender e tocar as tonalidades de fa maior , re menor, sol maior e mi menor.
- Mostrar certa capacidade de escoita, concentración e sensibilidade auditiva.
- Coñecer e aplicar as principais articulacións: picado e ligado.
- Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguemento de cada unha das sesións de clase.
- Seguemento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.





Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clasedo que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **·20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **·20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **·20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **·20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **·20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.





Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.





Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

1. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.
2. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.
3. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na





articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

4. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.
5. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.
6. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.





En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.1.5 Recursos didácticos

Escuela de la flauta vol.1. Picó M. Orquesta de flautas de Madrid
Escuchar, leer y tocar. Volumen 1. Broers, M. Y Kastelein J. De Haske
Iniciación a la flauta. Wye T. Mundimúsica
Aprende tocando la flauta. Wastall, P.
Piezas clásicas. Varios autores.
La flûte clasique. Volumen 1. Varios Autores.
Melodías Paisanas. Harmonización de Pereiro, P. Baía.

6.2 Curso: 2º curso de GE

6.2.1 Obxectivos

- Desenrolo e perfeccionamento dos fundamentos traballados no curso anterior.
- Adoptar un posición corporal axeitada e correcta posición das mans.
- Conseguir unha sonoridade clara de do1 a sol3.
- Desenrolar e perfeccionar a respiración diafragmática.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e a mellora continua da calidade sonora.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.





6.2.2 Contidos

- Emisión dun son estable desde o do1 ata ao sol3.
- Control da correcta postura do corpo como premisa indispensable para a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Práctica de escalas ata 3 alteracións e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Desenrolo da afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Desenrolo do picado simple para unha maior rapidez e igualdade. Traballo da columna de aire para lograr un ligado máis afinado e claro. Práctica do detaché larco e corto.
- Traballo das dinámicas forte e piano asi como reguladores crescendo e decrecendo.
- Práctica de melodías populares galegas e pezas barrocas sinxelas.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Traballo cos armónicos e whistle tones para favorecer a flexibilidade da embocadura.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.

Interpretación de melodías sinxelas respetando as características de estilo que correspondan.

Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo ao contido e nivel do curso





Mínimos esixibles

Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:

Práctica do libro Escuela de la Flauta ata a peza número 46a ou do libro de Trevor Wye ata a peza 69.

Interpretación de dúas obras da lista de recursos didácticos.

Mínimos esixibles segundo capacidades:

Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Comprender e controlar a espiración formando a columna de aire.

Entender e interiorizar o fraseo de tal xeito de que as respiracións non se realicen cando o alumno quere ou precisa. Ao mesmo tempo controlar a respiración e espiración para non ter a necesidade de respirar tan a miúdo.

Usar as articulacións : picado e ligado.

Cofecer e aplicar as dinámicas forte e piano asi como crescendo e diminuendo.

Dominar as escalas e arpexios ata dúas alteracións (isto mostrarase elixindo pezas coas tonalidades que posúen esas alteracións.)

Mostrar un son estable ata o mi da terceira oitava.

Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

Comprender os tempos de silencio como parte do feito musical

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguemento de cada unha das sesións de clase.
- Seguemento do grao de estudo do repertorio na casa.





- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase do que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.





- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos





e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha máis grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

7. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.
8. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na





articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

9. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

10. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

11. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.





12. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

Recursos didácticos

Teoría e práctica de la flauta volumen 1 “sonido”. Wye, T. Mundimusic

Escuela de la flauta vol.2. Picó, M. Orquesta de flautas de Madrid.

Iniciación a la flauta, vol.II Wye, T.

Aprende tocando la flauta. Wastall, P.

La flûte Classique. Vol 2. le Roy, R. Classens, H.

Melodías paisanas. Harmonización de Pereiro, P. Baía

Piezas clásicas célebres. Autores diversos.

6.3 Curso: 3º curso de GE

6.3.1 Obxectivos

- Desenrolar e perfeccionar os coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos anteriores.
- Adoptar unha posición corporal axeitada e unha correcta colocación das mans.





- Conseguir unha sonoridade clara nas dúas primeiras octavas.
- Consolidar a respiración diafragmática.
- Desenrolar as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- Conseguir un certo control sobre as diferentes dinámicas.
- Desenrolar a capacidade de autocorrección no estudio individual.
- Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a calidade do son.

6.3.2 Contidos

- Control da correcta postura do corpo como premisa indispensable para a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias musculares.
- Control da respiración diafragmática e perfeccionamento da toma do aire e da expiración lenta pero coa necesaria velocidade en relación ao rexistro, dinámica e fraseo.
- Uso dos reflexos necesarios para corrixir a afinación e a calidade do son.
- Interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Emisión dun son estable con control dinámico dende piano a fortísimo nas dúas primeiras oitavas e dun forte tranquilo na terceira oitava.
- Perfeccionamento do picado simple e aumento da velocidade e axilidade do mesmo. Traballo da agónica; coñecemento dos acentos, tenutos, etc. que aparecen nas obras e estudos do nivel.
- Traballo de coordinación dos dedos dende unha óptima posturas das mans.





- Identificación das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez mais consciente.
- Lectura a 1ª vista de fragmentos ou obras sinxelas realizando unha pequena análise melódica do fraseo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.

Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo aos contidos e nivel do curso.

Audicións trimestrais.

Mínimos esixibles

Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:

Interpretación de oito estudos e dúas obras.

Mínimos esixibles segundo capacidades:

Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento.

Soprar de forma continuada de xeito que a columna de aire sexa estable.

Inspirar de forma diafragmática, eficaz e silenciosamente.

Usar as articulacións picado, ligado, detaché largo e corto.

Emitir o son de forma nítida con embocadura relaxada.

Utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir a afinación e a calidade do son.

Dominar as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.





Conseguir un son estable e relativamente afinado en diferentes alturas (re grave ata sol das 3º oitava) e dinámicas (mp e f).

Identifica-las estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez mais consciente.

Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clasedo que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.





Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **·20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **·20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **·20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **·20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **·20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a





permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha máis grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden





a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

13. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.
14. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.
15. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.





En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

16. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.
17. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.
18. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.





- Perfeccionamiento dos coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos anteriores.
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc...
- Producir un son adaptado conscientemente en cada momento ás necesidades técnicas e expresivas da obra.





- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Coñecer as convencións estilísticas de cada época e interpretar as obras de acordo ás mesmas.
- Aplicar a articulación que as obras requiran con criterio estilístico, e amosando alén a resistencia e velocidade que as obras requiran.
- Conseguir naturalidade na interpretación estilística consciente acadando sensación de unidade do discurso musical .
- Comprender e interpretar un texto musical do século XX.

6.8.2 Contidos

- Asimilación dos aspectos traballados nos cursos precedentes. Perfeccionamento e práctica de exercicios técnicos para aumentar a flexibilidade.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudio nos tempos lentos.
- Interpretación de tres obras representativas de tres estilos diferentes.
- Análise dos textos musicais para conseguir unha interpretación máis consciente e cada vez máis persoal. Audición crítica de gravacións de afamados frautistas.
- escoita de audicións de música do século XX. Análise de partituras modernas e contemporáneas. Interpretación dunha obra do século XX.
- Práctica da lectura a 1ª vista.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.





6.8.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Utilización do esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental deste nivel.

Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos.

Interpretación de memoria de obras do repertorio de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.

Mínimos esixibles

Interpretación de oito estudos e tres obras (ver apartado “Recursos didácticos”)

Amosar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.

Inspirar de forma silenciosa. Dominar a respiración diafragmática.

Coñecer as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).

Conseguir un son estable en todo o rexistro da fruta facendo uso consciente dos diferentes parámetros que interveñen na produción do son adaptándose en cada momento as necesidades técnicas e expresivas da obra.

Conseguir unha boa afinación con calquera matiz dinámico ou expresivo usando adecuadamente dixitacións específicas cando conveña.

Dominar toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata un dobre e un triple stacatto.

Coñecer as convencións estilísticas de cada época e interpretar as obras de acordo ás mesmas.

Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis (gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de soplo, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade (volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...)





Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clasedo que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)





- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avalación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.





6.8.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha máis grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.





Dita proba terá tres partes que consistiran en:

40. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpeخيos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

41. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

42. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

[Probas extraordinarias de setembro](#)

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:





43. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

44. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

45. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.8.5 Recursos didácticos

Exercicios:

La sonòrité, art et technique. Moyse, M. Ed. Alphonse Leduc

A técnica da embocadura. Bernold, Ph.

Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 . Wye, T. Ed. Mundimusica

7 exercicios diarios para fruta. Reichert, M.A. Ed. Schott

17 exercicios diarios. Taffanel e Gaubert

Estudios:





24 estudos op.37. T.Böhm

50 Classical Studies. Franz Vester. Ed. Universal Edition.

18 exercicios o estudos. Berbiguier

Obras:

Sonata (a elixir) Bach, J.S.

Fantasia (a elixir) G.P.Teleman

Concierto en SolM J.Quantz

Concierto en ReM. Haydn, J.

Sonata en SolM op.50. J.N.Hummel

Fantasia pastoral húngara op.26. A.F.Doppler

1ª Sonata. Martinu

Fantasia op.79. Fauré, G.

Sonata no. 3. Gaubert, Ph.

Variaciones sobre un tema de Mozart. Hahn, R.

Balade. Reinecke, C.

Syrinx. Debussy, C.

6.9 Curso: 5º curso de GP

6.9.1 Obxectivos

- Perfeccionamiento dos coñecementos e habilidades adquiridas en cursos anteriores.
- Coñecer e aplicar con progresiva autonomia as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música, especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación.





- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Iniciarse no coñecemento dos efectos sonoros máis utilizados na música contemporánea.

6.9.2 Contidos

- Asimilación dos aspectos traballados en cursos precedentes.
- Desenrolo en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos Staccatos, en a flexibilidade, etc.)
- Iniciación á interpretación da música contemporánea. Coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudio dos instrumentos afíns.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenrolar ao máximo o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.
- Interpretación de tres obras de estilos diferentes e análise das mesmas como camiño para unha interpretación máis consciente.
- Audición crítica de gravacións de afamados frautistas .
- Práctica da lectura a 1ª vista.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.

6.9.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Demostrar o dominio na execución das obras, os solos e os estudos sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.





Ser autosuficiente para acometer a interpretación das obras e os estudos con mínimas garantías.

Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos como solista ou en grupo.

Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.

Mínimos esixibles

Interpretación de oito estudos e tres obras (ver: "Recursos Didácticos")

Amosar unha boa posición do corpo co instrumento.

Demostrar unha sonoridade do instrumento estable , flexible e consciente.

Inspirar diafragmáticamente e de forma silenciosa.

Escoller as respiracións en coherencia co discurso musical.

Dominar as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).

Conseguir unha boa afinación con calquera matiz.

Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis (gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de sopro, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade (volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...).

Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato, amosando flexibilidade , variedade de frecuencias e amplitude da oscilación.

Dominar toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata o dobre e triple picado.

Coñecer as convencións estilísticas da música doutras épocas e interpretar as obras dacordo ás mesmas.



Conseguir naturalidade na interpretación estilística consciente acadando sensación de unidade do discurso musical .

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:





- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)

- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)

- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)

- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dicitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.

- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

[Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avalación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.





A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.9.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación





continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

46. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

47. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

48. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

[Probas extraordinarias de setembro](#)

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.





Dita proba terá tres partes que consistiran en:

49. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpeخيos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

50. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

51. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.9.5 Recursos didácticos

Exercicios:

La sonòrité, art et technique. Moyse, M. Ed. Alphonse Leduc

24 Pequeños estudios melódicos. Moyse, M.

A técnica da embocadura. Bernold, Ph.

Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 . T.Wye. Ed. Mundimúsica





7 exercicios diarios para fruta. M.A. Reichert. Schott

17 exercicios diarios. Taffanel et Gaubert. Alphonse Leduc

Escalas e arpexios (480 ex.). M. Moyse

Estudios:

24 caprichos op. 26 T.Böhm

50 Classical Studies. Franz Vester. Ed. Universal Edition

24 Estudios para a fruta. Briccialdi

Obras:

Sonata (a elegir). J.S.Bach

Hamburguer Sonata. C.P.E.Bach

Concierto en Re M K314. W.A.Mozart

Un Concierto a elegir. Devienne o de Danzi

Cantabile e presto. G.Enesco

Tres romanzas. R.Schumann

Fantasia Op.79. G.Fauré

Sonatina. D.Milhaud

Concertino. C. Chaminade

Fantasia. Hübner, G.

Unha sonata a elixir Gaubert

Requiem para fruta soa. K.Fukushima

Syrinx. Debussy.

Acht Stücke. Hindemith

Orchester Probespiel. Repertorio de orquesta





6.10 Curso: 6º curso de GP

6.10.1 Obxectivos

- Perfeccionamiento dos coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos anteriores.
- Demostrar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc...
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Prácticas de música en grupo, integrándose en formacións camerísticas de diversa índole e desempeñando papeis de solista en obras de dificultade media, desenrolando o sentido de interdependencia entre os diferentes cometidos de cada intérprete.

6.10.2 Contidos

- Asimilación de os aspectos traballados en cursos precedentes.
- Desenrolo en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos *staccatos*, na flexibilidade, etc).
- Interpretación de música contemporánea. Coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudio dos instrumentos afíns.
- Audicións comparadas para analizar de maneira crítica as diferentes versións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenrolar ao máximo o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.
- Práctica da lectura a 1ª vista.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.





- Interpretación de tres obras de diferentes estilos . Análise das mesmas como medio para conseguir unha interpretación máis consciente. Preparación do repertorio a interpretar na proba de acceso a superior.

6.10.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Interpretar de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.

Presentar en público un programa adecuado a este nivel demostrando a calidade técnica e musical requerida.

Mínimos esixibles

Interpretación de oito estudos e tres obras (ver: “Recursos didácticos”)

Amosar unha correcta postura corporal, correcta respiración diafragmática e control do apoio do aire.

Producir un son flexible adaptado en cor, dinámica e intensidade á atmósfera e carácter da obras. Coñecer os diversos modos de produción do son e dominar a causa-efecto incluso dos parámetros que non se ven.

Aplicar un vibrato flexible e variable de frecuencia e ancho de oscilación en función do carácter da obra.

Dominar e aplicar todo tipo de articulacións convincentemente cunha velocidade e precisión adecuada ao curso.

Dominar as escalas, arpexios e intervalos de segundas e terceiras maiores e menores.





Amosar certo dominio dos efectos máis comunmente utilizados na música contemporánea.

Interpretar de acordo ás convencións estilísticas as obras programadas para o curso .
Mínimo tres obras de diferentes estilos.

Amosar criterio á hora de solucionar aspectos relacionados coa interpretación.

Controlar a posta en escea das pezas programadas de xeito coherente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados mediante:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clasedo que será responsable el mesmo así como das grabacións de audicións ou probas puntuais.





Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a





permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.10.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións trimestrais, realizarase un plan de traballo, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden





a reforzar ditos aspectos. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

52. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpeخيos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

53. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

54. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.





En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Dita proba terá tres partes que consistiran en:

55. Interpretación de algunhas escalas e/ou arpeخيos, a elección do profesor. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

56. Interpretación de algúns dos estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

57. Interpretación individual das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos





mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.10.5 Recursos didácticos

Exercicios:

La sonòrité, art et technique. Moyse, M. Ed. Alphonse Leduc

24 Pequenos estudos melódicos. Moyse, M.

A técnica da embocadura. Bernold, Ph.

Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 . T.Wye. Ed. Mundimúsica

7 exercicios diarios para fruta. M.A. Reichert. Schott

17 exercicios diarios. Taffanel et Gaubert. Alphonse Leduc

Escalas e arpexios (480 ex.). M. Moyse

Estudios:

24 caprichos op. 26 T.Böhm

50 Classical Studies. Franz Vester. Ed. Universal Edition

24 Estudios para a fruta. Briccialdi

Obras:

Sonatas. J.S.Bach

Sonata en la m (para fruta soa) C. P. E. Bach

Concierto en SolM K313 W.A.Mozart

Concierto en ReM K314 W.A.Mozart

Un concerto a elixir. Devienne ou Danzi

Tres romanzas. R. Schumann

Piece. Ibert, J.





Folies d'Espagne. Marin Marais

Suite C.M.Widor

Image E. Bozza

Suite Paisanne Hongroise. B. Bartok

Mei fruta soa. Fukushima, K.

Orchester Probespiel. Repertorio orquestal. Ed. Schott

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación da programación será rexistrado polos profesores da materia e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A materia de fruta está abscrita ao Departamento de Vento Madeira, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento.





Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Na memoria final do Departamento de Vento Madeira faranse constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.





9. ANEXOS

.....

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Os aspirantes interpretarán tres obras pertencentes a distintos estilos, das que, como mínimo unha deberá interpretarse de memoria.

Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran. Para tal efecto, o centro poderá facilitar pianista acompañante.

Lista orientativa de obras :

Haendel: Sonata (a elexir)

Marcello: Sonata en Sol M

Vivaldi: Sonata en Fa M

Mozart: Andante en Do M para fruta e orquesta K 315

Donizetti: Sonata en FaM

Fauré: Sicilienne

Fauré: Berceuse

Tomasi: Le petit chevrier corse.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso 4º de Grao elemental.

Criterios de avaliación e cualificación

25% da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)





- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas.

9.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de Grao elemental

A proba instrumental consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e de un exercicio de lectura a primeira vista. As obras poderán ser escollidas do listado de Recursos didácticos do curso anterior ao que se pretende acceder ou ben poden ser outras de dificultade similar.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

25% da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)

- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.





- **25%** da cualificación: calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas.

Obviamente, o grao de esixencia en canto a consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que aspirante pretende acceder.

9.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º de Grao Profesional

Dacordo co Decreto 253/1993 do 29 de xullo, os aspirantes interpretarán tres obras de distintos estilos

Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame.

Para concorrer ás probas de acceso os músicos deberán achegar os seus músicos acompañantes.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- **25%** da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)
- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.





- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas.

Obviamente, o grao de esixencia en canto a consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que aspirante pretende acceder.

9.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente a especialidade instrumental do alumno/ a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.

